



CONCELLO DE
CAMBADOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE DECEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

CONCELLEIROS:

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)

Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)

Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)

Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)

Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).

Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)

Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)

Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)

Oubiña Santos, Ana Isabel

Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)

Pomares Botana, Eulogio (P.P.)

Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)

Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

1º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DON PLÁCIDO RAMÓN CASTRO DEL RÍO COMO “FILLO ADOPTIVO A TÍTULO PÓSTUMO”

Intervén a Sra. Alcaldesa dándolle a palabra ao Sr. Caamaño Rivas.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen da a benvida a todos e especialmente aos familiares e á Fundación Plácido Castro, expón que no Concello de Cambados existe un regulamento moi antigo que hai que seguir, nel establécese que hoy que nomear a un instrutor e que se lle nomeou él que é quen presenta esta proposta ao pleno que é a seguinte:

Víctor Caamaño Rivas, Primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro de Cultura do Concello de Cambados, nomeado pola Alcaldía atendendo ó “Regulamento da Medalla da Vila, Honores e Distincións do Concello”, como xuíz instrutor do expediente de proposta de nomeamento de Don Plácido Ramón Castro del Río como “Fillo Adoptivo a Título Póstumo” do Concello de Cambados, e que xustifica a súa proposta nos motivos expostos de seguido:

“Exposición de motivos

O título de Fillo Adoptivo é unha distinción honorífica que adoitan facer os concellos para homenaxear a aquelas persoas non nativas do mesmo, que polos seus méritos profesionais, políticos, sociais ou culturais tivesen unha especial relevancia e contribuísen á mellora da sociedade na que vivimos; tivesen ou non unha estreita relación de veciñanza co concello. Méritos que no presente caso, veñen contemplados no artigo 11, apartado f, do “Regulamento da Medalla da Vila, Honores e Distincións do Concello”.

Cambados, que ten distinguido xa a varias persoas con este título, coidamos que ten hoxe unha débeda cunha importante persoa da nosa cultura, non nacida aquí, pero que tivo unha forte vinculación afectiva e familiar co noso Concello, Plácido Ramón Castro del Río, merecente de ser

nomeado Fillo Adoptivo de Cambados, polas razóns que de seguido pasamos a expoñer.

Plácido R. Castro del Río nace en Corcubión o 25 de xaneiro de 1902. O seu pai, empresario de minas e armador de barcos, era vicecónsul de Suecia e Noruega en Corcubión, daquela porto de grande importancia comercial e estratéxica. Filántropo de pensamento liberal e inquiredanzas intelectuais, mandou o seu fillo, xa dende moi neno a estudar a Glasgow. Alí formouse e forxou a súa personalidade, adquirindo unha sólida e ampla formación tanto no plano estritamente académico como no político e humano. Asimilou a cultura e a forma de vida británicas, dominou perfectamente a lingua inglesa e adquiriu grandes coñecementos do gaélico e outras linguas e dialectos nórdicos, o que lle permitiu facer traducións ao galego de moitas composicións poéticas de contido céltico; así como tamén de obras galegas ao inglés.

Na década dos anos vinte, dende Londres, dende Escocia ou dende Irlanda, envía crónicas e colaboracións para distintos xornais e revistas, como *Informaciones*, de Madrid, e *El Pueblo Gallego*, de Vigo; nas que trata as temáticas máis variadas, dende a política – tanto a nacional como a internacional – a arte e a literatura, ata aspectos da vida diaria e costumes británicas. Da man de Plácido Castro a nosa literatura enriqueceuse coas versións galegas de poetas como Willian Yeats, George Rusell, Thomas Moore, Christina Rossetti e outros. Traduce tamén teatro en colaboración cos irmáns Villar Ponte.

Nesta época, durante as vacacións do verán, é cando establece os primeiros contactos con Cambados, acompañando á súa nai, Eufrasia del Río, e á súa irmá, Hermitas, que se hospedan no hotel Calixto, dende onde se desprazan diariamente ao balneario da Toxa. Aquí vai establecendo amizades con uns e con outros, entre paseos pola Calzada e tertulias no Café de Calixto. A súa integración na nosa vila é tal, que no ano 1926 colabora coa organización das Festas da Pastora, redactando o folleto do programa, no que dá mostras dun grande coñecemento da historia local e tamén das linguas clásicas, teorizando sobre a etimoloxía do nome de Cambados. Por todo isto, o Concello de Cambados, na sesión plenaria do 25 de agosto, acordou por unanimidade concederlle un voto de grazas pola súa cooperación.

A principios dos anos trinta, antes da proclamación da República, Plácido Castro regresa definitivamente a Galicia para participar de forma activa na vida política do noso país. En 1931 forma parte da delegación coruñesa que

participará na asemblea fundacional do Partido Galeguista, en Pontevedra, sendo elixido membro do seu Consello permanente. En 1933 acude, en representación de Galicia, ao IX Congreso de Nacionalidades Europeas, en Berna, na Sociedade de Nacións – o antecedente da actual ONU – onde Galicia fai escoitar por primeira vez a súa voz nun foro internacional, cunha intervención en galego de Plácido Castro, traducida despois por el mesmo ao inglés. Neste congreso Galicia é recoñecida como nación, marcando un fito histórico na nosa biografía como país. Polo seu dominio de idiomas e fonda preparación cultural e política, é nomeado Secretario de Relacións Internacionais na III Asemblea Galeguista, celebrada en 1934. En 1936, cando se produce o levantamento militar contra a República, é detido en Muxía e procesado. Condenado a inhabilitación absoluta por quince anos, ao desterro a máis de cen quilómetros de Muxía e a unha cuantiosa multa, instálase en Coruxo (Vigo), onde se adica á tradución de poesía inglesa. Durante todos estes anos non esqueceu os seus vencellos con Cambados, e en 1944 casa na nosa vila con Jesusa Sineiro Vidal, filla de Francisco *Chuco* Sineiro Piñeiro, coñecido hostaleiro e que fora director da banda de música local.

Despois duns anos de estancia en Vigo e en Portugal marcha coa súa familia a Londres. Alí, na BBC, exerce como locutor-redactor na sección dos programas en lingua galega, castelá e portuguesa, e manda tamén colaboracións ao Jornal das Noticias, de Porto, escritas directamente en portugués, demostrando así un gran dominio da nosa lingua irmá.

Cumprida integramente a pena de quince anos de inhabilitación que lle impuxera o franquismo, a mediados da década dos 50, Plácido Castro volve a Cambados, onde se instalará definitivamente ata a súa morte. En Vilagarcía incorpórase como profesor de inglés ao Instituto Laboral, e dende alí transmitirá a varias xeracións de mozos da comarca, entre eles moitos cambadeses, os seus fondos coñecementos da lingua inglesa. En Cambados sigue a cultivar a súa faceta de xornalista e escribe colaboracións, que publicará en “El Pueblo Gallego”, “Diario de Pontevedra” e “Faro de Vigo. As súas inquedanzas culturais atoparán acollida na xénese e organización de dous importantes eventos do actual calendario festivo galego, a “Festa do Albariño” e a “Romaría Vikinga”. E será en Cambados onde naza a tradución posiblemente máis celebrada pola crítica literaria, a que fixo do libro de poemas “As Rubáiyát”, do poeta medieval persa Omar Khayyám, a través da versión inglesa de Edward Fitzgerald, e que publicou en 1965, un par de anos antes da súa morte.

Foi Plácido Castro un espírito humanista, un home do Renacemento en pleno século XX, aberto a tódolos campos da arte e da ciencia: pintura, música, xornalismo, literatura, astronomía, ensino, política... Como escritor cultivou diversos xéneros: poesía, crítica, ensaio, teatro... pero, onde fixo a mellor achega ás nosas letras, foi no campo da tradución, poñendo a lingua galega ao máis alto nivel. En política o seu nacionalismo, que bebeu das fontes do irlandés e do escocés, para nada era incompatible co seu universalismo. El dicía que hai que *“recibir o que o mundo exterior nos ofrece, pero brindarlle tamén o noso. Contribuír a que non se vaia crear un mundo monótono habitado por seres uniformes nos seus gustos e manifestacións”*. E ben que traballou por isto.

Despois de cincuenta anos da súa morte, Plácido Castro segue vivo na memoria colectiva dun pobo que dende o primeiro momento o acolleu como un máis dos seus. Estas son as razóns polas que o Tenente Alcalde de Cambados, como xuíz instrutor deste expediente, propón ó Pleno Municipal do Concello de Cambados, na sesión Extraordinaria decembro NOMEAR:

“A PLÁCIDO CASTRO DEL RÍO FILLO ADOPTIVO DE CAMBADOS A TÍTULO PÓSTUMO”

Intervén a Sra. Alcaldesa falando da grande figura que é Plácido Ramón Castro del Río e que con este distintivo dáse o merecido recoñecemento como Cambadés de sentimento.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que en primeiro lugar quere saudar á familia de Plácido Castro así como á Fundación. Dí que para o seu grupo é un orgullo que se lle conceda esta distinción, fai tamén mención a que no seu día lle puxo o seu nome a una praza.

Intervén a instancia da Alcaldesa Jesusa Hermitas Castro Sineiro, filla de Don Plácido Ramón Castro Del Río e Presidenta da Fundación que leva o seu nome agradecendo o recoñecemento, dí que é ben coñecida a relación que mantivo con esta vila ao longo de toda a súa vida e do compromiso que hoxe forman parte da marca turística e cultural que Cambados e o Salnés representan en Galicia e no mundo enteiro. Dí que Cambados foi un referente para él e para a súa familia e que na Fundación saben do compromiso que sempre manteu o Concello con eles e que agradecen esa

persistencia como os actos desenvolvidos este ano co 50 aniversario do seu pasamento. Dí que o recoñecemento como fillo adoptivo é un tributo máis que se suma ao logo camino que finalmente situará a Plácido Castro como un referente inexcusable da Galicia moderna, desa Galicia aberta ao mundo que quere progresar sen deixar de lado a súa identidade. Remata dando as grazas a todos e a todas.

Recibe un aplauso unánime.

Acto seguido sométese a proposta a votación que é apreciada por unanimidade dos concelleiros (17) en consecuencia o Pleno da Corporación acorda **NOMEAR:**

“A PLÁCIDO CASTRO DEL RÍO FILLO ADOPTIVO DE CAMBADOS A TÍTULO PÓSTUMO”

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta e dos minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace
A ALCALDESA

O SECRETARIO XERAL